

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE EL SERVICIO GALEGO DE SAÚDE LA SOCIEDAD ESPAÑOLA DE RETINA Y VITREO Y LA FUNDACIÓN RETINA PLUS+ PARA EL DESARROLLO DE UN PROGRAMA DE FORMACIÓN DE EXPERTOS EN RETINA

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O xerente do Servizo Galego de Saúde, **DECLARA:**

Que o Servizo Galego de Saúde, a Sociedad Española de Retina y Vitreo e a Fundación Retina Plus+ asinaron o 22.05.2025 o convenio arriba referido. O convenio ten unha vixencia dun ano a contar dende a data da súa sinatura, podendo ser prorrogado, de forma expresa e por acordo mutuo das partes, ata un máximo de catro anos.

Que o instrumento convencional ten por obxecto a colaboración entre o Servizo Galego de Saúde, a Sociedad Española de Retina y Vitreo e a Fundación Retina Plus+ no Programa de Formación de Expertos en Retina, cuxa parte teórico práctica desenvolverase no Servizo de Oftalmoloxía do Complexo Hospitalario de Santiago.

O obxecto deste Programa é dotar aos facultativos especialistas en oftalmoloxía das habilidades teóricas e prácticas para a súa correcta formación como expertos en retina.

Que o convenio fundaméntase no seguinte:

A actualización permanente de coñecementos dos profesionais sanitarios é un dos principios reitores da actuación formativa e docente no ámbito das profesións sanitarias e, para iso, as institucións e centros sanitarios han de facilitar a realización de actividades de formación continuada, de acordo con o previsto no artigo 12.f da Lei 44/2003, do 21 de novembro, de Ordenación das Profesións Sanitarias.

Nese sentido, as enfermidades da retina danan a vista e algunhas delas poden ser o suficientemente graves como para causar cegueira, de feito que tres delas están entre as catro causas máis importantes de cegueira. Por tal motivo determinadas técnicas e procesos aplicadas a estas enfermidades esixen profundar en coñecementos e experiencia profesional máis aló do que a formación sanitaria especializada pode abarcar.

Os avances experimentados nos últimos anos no campo da retina médica e cirúrxica tanto desde o punto de vista diagnóstico como terapéutico determinaron que se constituíra nunha subespecialidade que esixe a necesaria formación e o adestramento necesario dos persoal facultativo especialista en oftalmoloxía para abordar con éxito o diagnóstico e tratamento das distintas enfermidades da retina e do vítreo.

Por iso a Sociedade Española de Retina e Vítreo, que é unha sociedade científica sen ánimo de lucro entre cuxos fins se atopan establecer intercambios que permitan ampliar, promover e actualizar os estudos relacionados coa patoloxía e cirurxías da retina, coroides e vítreo e a Fundación Retina Plus+, que é unha entidade cuxo obxectivo é fomentar e contribuír ao ensino e investigación científica en relación coas enfermidades propias da retina, especialmente en materia de prevención, formación e investigación, desenvolveron o Programa de Formación de Expertos en Retina.

O Programa, cunha duración de 12 meses, ten por obxectivos formar persoal experto en retina e atender ao desenvolvemento profesional continuado, dentro da subespecialidade de Retina-Vítreo, ao mesmo tempo que dotar de oportunidades de formación a xóvenes investigadores e investigadoras e comprende unha parte teórica e outra práctica, na que se inclúe actividade asistencial (clínica e cirúrxica), así como actividade docente e investigadora e desenvólvese en distintos centros do Sistema Nacional de Saúde de recoñecido prestixio na subespecialidade.

Preténdese con iso formar a persoal facultativo especialista en oftalmoloxía na subespecialidade de vítreo-retina cos coñecementos, habilidades e destrezas médicas necesarias, así como consolidar a súa formación no método científico para efectuar traballos de investigación e proporcionar atención adecuada na promoción, diagnóstico, tratamento e rehabilitación da saúde tendente á resolución dos problemas que afectan os pacientes con patoloxía vítreo-retiniana.

Dentro deste Programa, está prevista a convocatoria neste ano de 4 bolsas para realizar esta actividade formativa en varios centros hospitalarios do Sistema Nacional de Saúde, cun máximo dunha praza por centro, e que serán adxudicadas por un xurado en función dos méritos do persoal aspirante que participe no proceso, que deberá ter finalizada a formación dentro do programa MIR na especialidade de oftalmoloxía nos dous últimos anos.

Ao finalizar o Programa Formativo, o alumnado debe ser capaz de abarcar cada un dos temas especificados no mesmo, tendo en conta tanto a perspectiva clínica como as funcións de docencia e investigación de cada un deles. Ademais, o alumnado será avaliado por unha comisión nomeada para ese efecto, que emitirá o correspondente certificado de cumprir os requisitos mínimos esixidos para que se poida considerar superada esta actividade formativa.

O Servizo de Oftalmoloxía do Complexo Hospitalario de Santiago é un servizo acreditado polo Ministerio de Sanidade para a formación de especialistas en oftalmoloxía, de recoñecido prestixio pola súa actividade asistencial e que posúe os medios adecuados para formar a persoal facultativo especialista en oftalmoloxía nas habilidades teóricas e prácticas necesarias para a súa correcta formación como persoal experto en retina que esixe o desenvolvemento deste programa de formación como medio para mellorar a capacitación deste persoal, así como a produción científica e a actualización do coñecemento.



A organización interna do Servizo estrutúrase en dous grandes bloques: Oftalmoloxía Xeral e Unidades Subespecializadas (Superficie Ocular, Retina Médica, Retina Cirúrxica, Glaucoma, Uveíte, Órbita, Oculoplástica e Vías Lagrimales e Oftalmoloxía Pediátrica), circunstancia necesaria e favorecida polo progresivo avance en coñecementos e tecnoloxías a nivel de todas as especialidades médicas, o que constitúe a mellor forma de proporcionar unha asistencia altamente especializada, no que a calidade científico-técnica e competitividade refírese.

Este Servizo de Oftalmoloxía forma parte da Área Sanitaria de Santiago e Barbanza, da cal depende unha poboación de aproximadamente 450.000 persoas. Ademais, atende un alto número de pacientes derivados doutras Áreas Sanitarias dentro da Comunidade Autónoma de Galicia debido á súa condición de centro de referencia en múltiples patoloxías oftalmolóxicas. A isto súmase que o Servizo conta con dúas Unidades CSUR (Centros, Servizos e Unidades de Referencia do Sistema Nacional de Saúde) designadas por Ministerio de Sanidade no ano 2008: Tumores Intraoculares do Adulto (Melanoma Uveal) e Reconstrución da Superficie Ocular Complexa (Queratoprótesis), polo que recibe pacientes doutras Comunidades Autónomas.

Finalmente indicar tamén que o Servizo dispón dunha Unidade de Investigación clínica (Grupo de Oftalmoloxía traslacional) integrada no Instituto de Investigación sanitaria de Santiago (IDIS) con vinculación ao Instituto de Investigación Carlos III.

A xustificación da formalización deste convenio veu pola necesaria formación de persoal facultativo especialista en oftalmoloxía experto en retina conforme ao programa establecido mediante a adopción do devandito convenio o cal redundará nunha maior capacitación do persoal neste ámbito asistencial.

Durante o desenvolvemento deste programa, o Servizo de Oftalmoloxía do Complexo Hospitalario de Santiago facilitará que o/a oftalmólogo/a discente poida realizar as exploracións diagnósticas, toma de decisións e tratamentos médicos e cirúrxicos que sexan necesarios na súa práctica clínica habitual, sempre seguindo as directrices do servizo e dos seus titores do programa de formación. Por outra banda a incorporación a este programa consolidará o prestixio deste Complexo Hospitalario e favorecerá que poida incrementar a súa capacidade para captar profesionais de talento e tamén a manter o nivel de calidade da asistencia sanitaria prestada aos cidadáns.

O desenvolvemento do Programa de Formación de Expertos en Retina, a través da formalización do devandito convenio, non supón incremento de custo económico para a Área Sanitaria de Santiago de Compostela e Barbanza.

Os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non podían satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e



2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estimouse xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asíñase esta memoria, en Santiago,

